

NOTAS

### Os servizos cambian a paisaxe

Para poder ofrecer algúns servizos, como os de transporte, hai que construír **obras públicas**, como estradas, aeroportos, vías de ferrocarril e portos marítimos.

Ademais, hai outros servizos que necesitan **edificios específicos**, como os parques temáticos, os hospitais, os colexios, as universidades, os teatros e os centros comerciais.

Todas estas construcións do sector terciario modifican a paisaxe dun lugar. **1**



**1** Os edificios das universidades modifican a paisaxe.

O sector terciario agrupa todos os traballos que prestan servizos. Son moi variados e pódense clasificar en comerciais e de distribución, servizos a empresas, servizos sociais e servizos turísticos e de ocio.

### SABER MÁIS

#### A publicidade

A publicidade informa ao público dos diferentes produtos ou servizos dunha empresa ou institución.

A maioría das veces, a publicidade anima a comprar un produto ou servizo. É dicir, é unha publicidade consumista.

Hai outra publicidade que intenta educar. Por exemplo, os anuncios que nos recomentan aforrar auga. Esta publicidade lémbra-nos que a auga é un ben de todos.



### ACTIVIDADES

**1** Que é o sector terciario? Di tres traballos que formen parte deste sector.

**2** Indica a que tipo de servizo corresponden os seguintes traballos.



**3** **EXPRESIÓN ESCRITA.** Explica no caderno en que consisten as profesións da actividade anterior.

#### LEMBRADE:

É importante facer boa letra.

Debedes ler a teoría antes de facer os exercicios.

Despois debedes facer os exercicios e ler a ver si entendedes todo o que poñedes.

É importante tratar de dar resposta ás preguntas e logo comprobar coa teoría do libro ou coa axuda dun adulto se o fixestes ben.

ÁNIMO QUE O ESTADES A FACER MOI BEN!

### Solucionario

**1** O sector terciario ou de servizos é o que agrupa todas as actividades que non obteñen ningún produto, senón que atenden as necesidades das persoas e das empresas. R. M. Camareiro, avogada e médico.

**2** De esquerda a dereita: servizos sociais (doutora), servizos sociais (policía), servizos ás empresas (informático), servizos turísticos e de lecer (camareiro) e servizos comerciais e de distribución (piloto).

**3** **Expresión escrita.** R. M. A doutora cura as enfermidades das persoas; o policía dirixe e controla o tráfico; o informático diseña e repara ordenadores e elabora programas informáticos; o camareiro atende os clientes en bares, restaurantes, hoteis, etc., e a piloto dirixe un avión.